

# Almanaque Agrícola

ano  
LXXI



Ano 2023

Sequero de Castañas  
Mostad, Folgoso do Courel  
(Lugo)

syngenta

# Camix<sup>®</sup> 560SE

## A evolución do líder



Un xiro de

# 560°

para o teu millo

Altos estándares de **CONTROL**  
cunha formulación  
máis **SOSTIBLE**

# Camix<sup>®</sup> 560SE

 syngenta<sup>®</sup>



© 2022 Syngenta. Todos os dereitos reservados.  
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.  
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.  
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o  
produto antes de usalo.

# Índice

Premio ao Almanaque Agrícola ZZ polos seus 69 anos en apoio ao galego	4		
A nosa fábrica: A sustentabilidade	5		
Rescatando anacos do noso pasado: Oliveira	8		
Rescatando un anaco da nosa cultura: "Os faros e os fareiros"	12		
Convocatoria novo certame: "O oficio de lateiro"	24		
As nosas castes de vide: A variedade "Albilla do Ávia"	26		
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Flores da Operación Polinizador	55		
Guía de tratamentos viñedos galegos	58		
Catálogo de produtos ecolóxicos para a vide	60		
Tratamentos das froiteiras de carabuña	65		
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras	66		
Tratamentos de invernadoiros e hortas	68		
Tratamentos das patacas	70		
Tratamentos do millo e outros cereais	72		
O Parque Natural: O Courel	73		
Feiras gastronómicas	80		
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios	87		
Contos	116		
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados	118		
Enderezos dos nosos colaboradores	122		



## Premio ao

# Almanaque Agrícola ZZ polos seus 69 anos en apoio ao galego



Imaxe do premio entregado pola Xunta de Galicia

**E**sta publicación naceu en 1952 e foi das primeiras en utilizar o galego no mundo da publicidade, chegando ata os nosos días, ano tras ano, e converténdose nunha publicación de referencia para os labregos galegos.

Todos os profesionais da agricultura galega e calquera técnico ou labrego coñecen ben o **Almanaque Agrícola ZZ**, cuxos exemplares se distribúen, desde hai **máis de 69 anos**, por toda Galicia a través da difusión que fan deles a rede de distribución de Syngenta e que se converteu a esta nunha publicación de referencia en Galicia.

Un dos motivos que fixeron desta guía unha publicación tan querida e demandada é o seu uso do galego desde os seus inicios, sendo a primeira publicación impresa deste tipo que no ano 1952 decidiuse a usar o

idioma local que, por aquel entón, non era oficial e utilizábase practicamente só no ámbito familiar. Esta firme aposta pola difusión en galego a través do "**Almanaque Agrícola ZZ**" de Syngenta, no seu momento **Zeltia Agraria**, foi a causa pola que se lle outorgou unha mención especial nos XXVII Premios de Publicidade en Gallego, que outorga a Xunta de Galicia e que se entregaron no Palacio do Parlamento de Galicia en Santiago de Compostela.


É importante mencionar que o Almanaque Agrícola ZZ foi presentado a estes premios polo Foro Enrique Peinador, unha institución que busca fomentar a normalización e o uso do galego no ámbito comercial.

Na recepción do premio, o persoal de Syngenta destacou o esforzo e a vocación de servizo a os labregos de todos os que participan nesta publicación técnica.



*a nosa fábrica*

## A sostenibilidade



**A** sostenibilidade é un concepto que chegou forte e ven para ficar, e non é para menos dado que dela dependen as necesidades das futuras xeneracións. De aquí nace a idea do desenvolvemento sostible, o cal defende o progreso sen comprometer os recursos de mañá e busca un equilibrio entre crecemento económico, respecto polo medio ambiente e Benestar Social.

Dentro de sostenibilidade medioambiental, a fábrica de Porriño-Mos de Syngenta amosou o seu compromiso de mellora continua ó longo dos anos mantendo o seu sistema de xestión medioambiental (certificado pola ISO 14001 dende o ano 2001) e publicando os seus datos anuais no cumprimento de certificación EMAS, de forma totalmete voluntaria.

Cara o ano 2030, Syngenta marcouse uns obxetivos medioambientais enfocados principalmente en tres áreas:

- 1** Redución dun 20% no consumo de auga.
- 2** Redución dun 20% na xeración de residuos.
- 3** Redución dun 40% da súa pegada de carbono.

Na fábrica de Porriño- Mos, foi creado un equipo multidepartamental para estudar a viabilidade das distintas liñas de acción e coordinar a súa implantación nos vindeiros cinco anos, en combinación cos equipos técnicos de soporte internacional da empresa.

Dende Galicia vamos a liderar algunhas iniciativas lanzando proxectos piloto, a nivel Grupo en Europa, nas áreas de residuos e augas co fin de buscar as mellores solucións dentro da economía circular (o que significa chegar a CERO xeración de residuos pegados e augas contaminadas).



*Depósito do sistema de tratamento de auga.*



## Redución no consumo de auga:

Galicia é un lugar bendecido pola auga. Con todo, nos últimos anos, vivimos episodios de secas impensables. Esta situación invítanos a reflexionar sobre o uso responsable da auga e cambia-las costumes insostibles de consumo e produción.

Dende a fábrica de Syngenta Porriño-Mos, apostamos polo uso de novas tecnoloxías que diminuen o consumo de auga en actividades rutinarias, como son as limpeza das instalacións. Alguns exemplos serían

- Novos equipos de filtración que apenas utilizan auga para a súa limpeza.
- Optimización dos ciclos de limpeza (CIP "Cleaning in Place").
- Uso de depósitos ultra pulidos que precisan de menos auga para limpiar as paredes interiores.

Igualmente, se terán en conta accións encamiñadas a reduci-las augas domésticas, onde pequenas melloras poden ter a súa significancia ó longo dos anos, así como promover unha cultura de costumes respetuosas que eviten excesos innecesarios.



*Estación de depuración e tratamento de auga.*

## Redución na xeración de residuos:

A nosa fábrica dispón dun plan de minimización de residuos enfocado a optimiza-los recursos, reutilizar material e reciclar. Tamén aposta polo tratamento de residuos con valoración, de ahí que todos os nosos xestores externos poidan reaproveitar e sacar beneficio do residuo recibido (obtención de enerxía, limpeza de envases e posta en mercado, reciclado de envases plásticos...).

Temos dous focos principais de actuación:

- **Augas industriais:** principalmente das limpeza das nosas instalacións de fabricación, e en menor medida, de outras áreas de apoio (laboratorio, mantemento...). O 90% das augas que xeneramos son tratadas internamente na nosa estación de depuración, grazas á inversión feita no ano 2015 para a súa renovación, mellorando así a calidade da auga depurada. O outro 10% xestionase externamente con un xestor de recuperación enerxética.



*Envases de gran tamaño son enviados para seu tratamento de reciclaxe.*

- **Envases vacíos contaminados:** proceden, na sua maioría, dos envases de materias primas dos nosos provedores, utilizados nas formulacions (sacos, bolsas, garrafas...). Parte de estos envases de menor tamaño son compactados para optimizar-lo transporte do seu envío ó noso xestor externo. Os envases de maior tamaño (200L y 1000L) son enviados a outros xestores para o seu tratamento de reutilización e reciclaxe.

O equipo de meyora formado na fábrica identificou varias liñas de acción para a redución de ambos residuos, involucrando a toda a cadea dende o inicio. Por exemplo, dende Compras estúdase a recepción de materias primas en formatos máis grandes, o incluso, en cisternas para aqueles de maior consumo, eliminando por completo o envase. Porque o mellor residuo, é aquel que non se chega a xenerar.

### **Redución da pegada de carbono:**

A nosa fábrica é consciente da necesidade dunha xestión eficaz do consumo de enerxía para ser sostible no futuro. Por un lado, están as de implantación sinxela, como é a substitución progresiva de luminarias por LED, o cambio de equipos por outros de menor consumo. Por outro lado, están as iniciativas que requiren dun estudo e inversión planificada, como a instalación de paneles solares e na que se esta a traballar actualmente.

A dirección cara a que Syngenta avanza é:

- Cara un consumo 100% de **enerxía renovable**, xa sea por xeración parcial nas nosas instalacións como por a suministrada pola distribuidora externa.
- Cara un **consumo enerxético eficiente**, por medio da utilización de novas tecnoloxías (que requiren unha menor cantidade de enerxía para conseguilo mesmo rendimento) e el comportamento de las personas, las cuales juegan también un papel importante.
- O obxectivo do 2023 será valida-la nos folla de ruta para chegar á obter un 40% de redución en 2030 e la descarbonización total antes do ano 2050.

Na fábrica de Syngenta Porriño-Mos comprendemos que vivimos nun planeta interconectado, que as nosas accións afectan ós demais e que as decisións que tomemos hoxe repercutirán no mundo de mañá. Cada acción conta. Cada persoa conta. Estamos a tempo e seguiremos co noso compromiso, para que, no artigo do ano 2030 de este almanaque, poidamos conta-la historia dunha fábrica totalmente sostible.



## ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

### Oliveira (*Olea europaea*, L.)



*Olivas de oliveira en Bendilló*

#### Descrición e ecoloxía

As oliveiras teñen aspecto moi ramoso, de toro nodoso e cortiza esburacada e castaña; pode chegar a alcanzar de 15 a 20 m de altura e vivir moito tempo. Porén, pola acción de animais cavadores ou vivir en lugares moi venteados ou expostos ás brétemas, xeralmente adopta un aspecto arbustivo, manténdose en bolas compactas e impenetrábeis, tomando a forma dun mato espiñento. Na maioría das formas de cultivo, as oliveiras son mantidas a unha altura de 3 a 7 metros de altura, a fin de facer posíbel o seu cuidado e a recolleita dos froitos.

As flores, brancas, están agrupadas en pequenos acios con entre 10 e

20 exemplares, abrochando na axila das follas a comezo da primavera nas pólas con dous anos de idade. A maioría das oliveiras son autofértiles, é dicir que o seu propio pole pode fecundar os seus propios ovarios. A fecundación efectúase sobre todo polo vento e non dura máis que apenas unha semana por ano. Se non chove demasiado durante ese período, entre un 5% e un 10% das flores producirán froitos suficientes para unha boa sazón.

O froito é a oliva, é está recuberta dunha materia cerosa impermeábel á auga, e unha polpa carnosa, rica en materia graxa, almacenada durante a época que vai entre fins de agosto



e o inicio da maduración. En inicio verde, tórnase negra na completa madurez. A coia moi dura, osoa, contén unha améndoa con dous ovarios, dos cales un é, polo xeral, estéril e non funcional. Ese gran (raramente os dous) produce un embrión, que dará unha oliveira nova se as condicións son favorábeis.

A oliveira é un cultivo propio de climas mediterráneos caracterizados por invernos relativamente suaves e veráns longos, cálidos e secos, con medias anuais de temperatura entre 15 e 20 graos, e de precipitacións entre 500 e 700 mm. Prefire os vales amparados ou as chairas baixas que non estean expostas a fríos intensos. Pode medrar nas ladeiras de montañas orientadas para o sur. A oliveira é máis sensíbel ao frío que outras árbores froiteiras e precisa de veráns cálidos para que madure axeitadamente o seu froito.

## Usos

A oliveira é quizais unha das árbores máis completas que existen. Quizais por iso moitas culturas antigas o consideraron máxico, curativo, sagrado, poderoso. A oliveira en si ten moitas aplicacións, xa que se pode empregar dende a madeira ata o núcleo do froito.

Fai só algúns anos, que comezaron a ser estudados os beneficios das follas de oliveira para

uso terapéutico. Consecuentemente, os fitoterapeutas, os amantes dos téis e as tendas especializadas neses produtos xa posúen follas de oliveira para infusións. Con grande poder antioxidante, son especialmente recomendados para combater a hipertensión e para promover o sistema cardiovascular. A infusión pode ser administrada soa ou acompañada. Así, as follas de oliveira foron incorporadas no mundo dos téis de herbas, para volverse ingrediente gourmet.

A oliva é posiblemente o produto máis famoso (e merecido) derivado da oliveira, xa que contén cada vez máis propiedades beneficiosas para a saúde. Grazas a el, a oliveira converteuse probablemente nun dos cultivos máis rendibles, ampliando a súa plantación non soa ao Mediterráneo, como é tradicional, senón tamén a outras zonas remotas do planeta como Estados Unidos, Australia ou algunhas zonas de América Latina.



*Oliveiras do pazo de Santa Cruz, en Santa Cruz de Ribadulla*



### Outras curiosidades

A elegancia dos ramos de oliveira ocupou, desde a decoración do lar até máis recentemente, á dos casamentos. Antigas civilizacións mediterráneas xa interpretaban a decoración con ramos de oliveira como algo sagrado e moi especial. Varios séculos despois, a oliveira tornouse nun elemento importante en moitos casamentos en áreas da Andalucía, Castela e até Madrid.

A antiga **Almazara de Bendilló**, no concello de Quiroga, escenario principal da **Mostra do Aceite de Quiroga**, é a única de Galicia onde se ofrecen demostracións públicas de **prensaxe de aceitunas** ao modo tradicional dende hai máis de 20 anos. O muíño pertenceu á familia de Guillermo Nogueira desde hai varias xeracións. Non se sabe con certeza cando foi construído, pero calcúlase que pode ter en torno a **trescentos anos**. O edificio de pedra que o alberga hoxe foi reconstruído en 1993 respectando a estrutura orixinal.

Tamén houbo almazaras-ou segue habendo, segundo os casos- en lugares como Vilaster, Bendollo, Soldón de Sequeiros, Paradaseca, Albaredos,



*Oliveira do Paseo de Alfonso XII en Vigo*

Hospital e Vilaverde. No municipio de Ribas de Sil tamén houbo como mínimo unha decena de muíños de aceite. Peites, Figueiredo e Soutordei son algúns dos lugares que compartiron esta tradición. En Montefurado existiron al menos 3 funcionando ao mesmo tempo.

Existen en Galicia 70 topónimos relacionados coas oliveiras, repartidos por diferentes municipios como o de Vigo e en vales como o do Ulla, Xubia e Barcala, onde se concentra o maior número deles.

## Árbores senlleiras

No ano 2015 unha das oliveiras do **pazo de Santa Cruz, en Santa Cruz de Ribadulla**, concello de Vedra, gañou o premio AEMO á mellor Oliveira Monumental de España. A formación de oliveiras centenarias do Pazo de Santa Cruz, con máis de 500 exemplares, parece que foi plantada no século XVI, coincidindo coa construción do Pazo, co obxectivo de dividir os terreos de cultivo. O crecemento destes exemplares ao longo do tempo, tomou unha forma moi peculiar, con troncos alargados e máis espigados do normal que gravitan sobre o camiño principal formando unha especie de tunel que semella non ter fin.

A cidade de **Vigo** era coñecida tempo atrás como a "Cidade da Oliva" xa que no atrio da Colexiata de Santa María existía unha oliveira que foi plantada polos monxes templarios, rexedores da Colexiata. A árbore desapareceu no século XIX, o templo foi demolido e sobre él ergueuse un novo, tal e como se coñece na actualidade.

O vigués D. Manuel Ángel Pereyra, recolleu unha das súas ramas e plantouna na horta da súa casa, diante da Porta do Sol. Alí a oliveira conseguiu arraigar e creceu considerablemente ata que en 1932, por mor de cambios urbanísticos, foi trasladada Paseo de Alfonso XII onde se atopa na actualidade. A oliveira de Alfonso XII forma parte do escudo da cidade.



### O cemiterio de Andina en Padrón

posúe un conxunto formado por catro oliveiras, de entre 6 e 10 metros de altura, situadas a carón do seu muro de cerramento. Con troncos retortos, sinuosos, copas irregulares e desequilibradas e mesmo con ramiñas secas e síntomas de defoliación, forman todas un harmonioso conxunto de gran fermosura. Baixo un deles atópase a sepultura de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916 – Madrid, 2002).

*O simiterio da Adina  
n'hai duda que é encantador,  
cos seus olivos escuros  
de vella recordazón.*

*Moito te quixen un tempo,  
simiterio encantador  
cos teus olivos escuros  
máis vellos que os meus avós*

*(Rosalía de Castro)*

## OS FAROS E OS FAREIROS

Autor: Xosé Lois Ripalda



### HISTORIA DOS FAROS

Os primeiros homes que sucaron os mares nos albores da navegación malia coñeder os accidentes da costa como enseadas cabos ou picos a monotonía de certas zonas lle semellaban todas iguais por mor da súa uiniformidade polo que a súa identificación non era doada sendo de obriga construír puntos de referencia diferenciados entre si que sinalizasen o terreo e se deixasen ver na distancia. Conforme o home do mar se facía máis habelencioso a necesidade de orientación noa viaxes noctegas esixía a presenza de sinais luminosas que dende terra se facían con cacharelas acendidas nos puntos elevados da costa ou sobre a torre que constituían as marcas de orientación durante o día O desenvolvemento do comercio por mar se fixo fundamental para manter a existencia das grandes cidades da antigüidade e obrigou a facer máis seguras as costas conservando as torres e mantendo acendidas as fogueiras polas noites.

As primitivas sinais marítimas se ubicaban nos puntos máis elevados da costa e dicir os lugares máis batidos polo vento Por esta razón axiña a



*Faro da Torre de Hércules*

torre que orientaba durante o día albergou no seu interior a chama que guiaba durante a noite. Así estas estruturas melloraron coa navegación e as necesidades dos mariños. Os romanos deron importante pulo a estas construcións que izaron por todo o Mediterráneo acadando erguer máis de vinte. En Galicia é a Torre de Hercules, na que ao ir dos anos se fixeron modificacións no interior a medida que os avances técnicos modernizaron as instalación das lentes, é un exemplo. Porén a evolución destas edificacións desapareceu por completo coa caída do imperio romano ata o punto que na Idade Media non só se construíu ningunha senón que se estragaron as que había, de xeito que nen sequera se nomeaban coa palabra faro e se depois foi


posíbel se debeu a sona que acadou unha destas torres situada na illa de Faro fronte a cidade de Alexandría que foi prototipo de todos os faros. A partires de finais do século XVIII e principios do XIX cando se ergueron

os faros máis salientábeis do mundo sobre esgrevios cantís e no medio do océano. Non obstante houbo que agardar ata o remate do século XX para que os faros coñecesen avances tecnolóxicos significativos.

## HISTORIA DOS FAROS EN GALICIA

Galicia con máis de 1500 quilómetros de costa requintada ten máis dun cento de luces en cor branco verde ou vermello que axudan aos mariñeiros atopar o camiño que os leve ao agocho dos peiraos, A orixe dos faros en Galicia hai que procurala nos "Fachos" que eran torres onde se acendian fogueiras coa fin de avisar as xentes dos ataques dos piratas e países nórdicos que a cotío invadían as costas de Vigo, Pontevedra, Vilagarcía de Arousa ou Baiona onde se

presentou o corsario Francis Drake dando lugar a unha alarma xeral en todas as vilas ao pe das rias. Destes fachos apenas hai trazas, se distribuin nos seguinte lugares na Garda houbo dous un no monte Santa Tegra, que anunciaba aos mariñeiros a foz do río Miño e outro o Atalaia no lugar do mesmo nome, Monteferro que se ergueu no sitio que ocupaba sun monumento aos mariñeiros, o facho de Donón en Cangas que dominaba o paso entre as Illas Cies e de Ons, a torre da Lanzada en Sanxenxo, a torre de San Sadurniño en Cambados, a torre de Calogo en Vilanova de Arousa, a torre de Aroza




### FACHOS DE GALICIA


- 1 - *Atalaia, Sta. Tegra (A Garda)*
- 2 - *Monteferro (Canido)*
- 3 - *Donón (Cangas)*
- 4 - *A Torre da Lanzada (Sanxenxo)*
- 5 - *A Torre de San Sadurniño (Cambados)*
- 6 - *A Torre de Calogo (Vilanova de Arousa)*
- 7 - *A Torre (Illa de Arousa)*
- 8 - *As Torres do Oeste (Catoira)*

na Illa de Arousa e as torres do Oeste en Catolra. Hoxe en día se izan sobre as esgrevias costas de Galicia un número considerábel de faros, dende a

foz do río Miño ata Ribadeo, tenxidos de vermello sol do solpor, como unha vella estaca cravada no corazón das nosas costas.



## FAROS DE GALICIA




1. - Pancha (Ribadeo)
2. - Atalaia (Cervo)
3. - Roncadoiro (Xove)
4. - Estaca de Bares (Mañón)
5. - Ortegál (Ortigueira)
6. - Punta Candieira (Cedeira)
7. - Punta Frouxeira (Valdoviño)
8. - Prior e Prioriño (Ferrol)
9. - Mera (Oleiros)

10. - Torre de Hércules, Castelo de San Antón e Faro de Oza (Coruña)
11. - Punta Nariga e Sisarsas (Malpica)
12. - Punta Rocundo (Ponteceso)
13. - Laxe
14. - Cabo Vilán (Camariñas)
15. - Taouriñan e Punta da Barca (Muxia)
16. - Fisterra (Fisterra)
17. - Illa Lobeira (Corcubión)
18. - Lariño (Carnota)
19. - Monte Louro e Rebordiño (Muros)
20. - Illa de Salvora e Illa da Rua Corrubedo (Ribeira)
21. - Punta do Cabalo (Illa de Arousa)
22. - Pomberriño (Grove)
23. - Illa de Tambo (Poio)
24. - Illa de Ons (Bueu)
25. - Cabo Home, Punta Couso e Punta Robaleira (Cangas)
26. - Monteagudo e Freu de Porta (Cies)
27. - Estai e Guia (Vigo)
28. - Punta Lameda (Nigrán)
29. - Silheiro e As Serralleiras (Baiona)




Os faros presentan semellanzas entre uns e outros na súa estrutura composta de base torre e a cúpula. Non obstante si se poden diferenciar pola súa ubicación así están os faros en terra nos que hai que considerar os que avisan dun perigo como os arrecifes ou marea baixa e os que protexen un peirao. Outros tipos son os ubicados no medio das augas enriba dunha plataforma, e os que se erguen nas illas, a entrada das rías, dos que temos moitos exemplos en Galicia.

As señais marítimas se clasifican en visuais dotadas de luz ou sin ela, acústicas que se basean na emisión de sons e radioeléctricas que empregan a emisión ou recepción de sons mediante ondas electromagnéticas. Nas señais visuais hai que considerar as do día pola que destacan pola súa cor e forma e as da noite pola cor dos refachos de luz. As señais acústicas son as transmitidas por campás, canonazos, asubios ou sereas mediante o paso do aire comprimido por unha buguina. Entre as señais radioeléctricas están, radioforas, racones, intisificador de branco de radar, dispositivo de control de tráfico de buques, sistema de navegar hiperbólico e sistemas de navegar baseados en satélites.



### PARTES DUN FARO

1. - Válvula solar
2. - Cúpula
3. - Vidrieira
4. - Armazón
5. - Baranda
6. - Casa do Fareiro
7. - Recámara
8. - Superficie de Control
9. - Torre
10. - Base



### PARTES DUNHA LENTE

- 1 *Círculo dióptico que refracta a luz*
- 2 *Círculo catadióptico que reflexa e refracta a luz*
- 3 *Anel central onde se enfocan as luces*
- 4 *Máquina de rotación que fai xirar a luz*

A torre dos faros se construían en mampostería ou sillería e tamén cemento armado, en moitos deles as pedras estaban moi ben talladas en zócolos, xambas das portas fiestras cornixas e banzos das escaleiras de caracol. Hai que dicir que a pedra nos faros se deixou de usar dende o derradeiro tercio do século XX. O armazón da lanterna de ferro recobrado de bronce, as xuntas soldadas con estaño que se axustan con parafusos de cobre, sendo a cúpula da lanterna de cobre vermello laminado e os bastidores das vidrieiras tamén de bronce. As ferramentas das que se vale o fareiro para o seu funcionamento son os combustíbeis que ao ir dos anos pasaraon por moitos trocos. Así en principio se usou a

leña que requería un gran esforzo o transportala ata ao pé do faro e logo subíala ata a lámpada.

O carbón aínda que nontivo moita aceptación porque producía moito fume sendo escasas as labaredas isto daba lugar a que impedise ser esculcado dende lonxe en días de treboada ou de mesta brétema Aceite que tiña distinta orixe así se empregaron aceites vexetais como o de colza cachuete coco e oliva, tamén de animais como balea e tucíño de cocho, minerais como a parafina. O petróleo que ao comezar a utilizarse arrumbou o uso do aceite. Gas que apanas se usou, e na actualidade enerxía eléctrica e paneis solares. Hai que dicir que os faros galegos se teñen alimentado por tres galegos fundamentais: o vapor de petróleo a presión, o acetileno e a electricidade O vapor de petróleo utiliza-

do só nos faros habitados das illas ubicados nas illas de Sisargas Ons e Salvora. O acetileno usado principalmente nos faros automatizados, con válvulas solares queos encenden cando baixa a luz do día, e a electricidade nos faros principais como Bares, Prior, Hércules Vilano, Finisterre Corrubedo e Silheiro cuestión moi importante para o correcto funcionamento e un maior rendemento do aparato. Para que todos os componentes podan xirar e den así a aparencia característica que son os agochos de luz que identifican na noite a un faro de outro, hai que dar conta cada día a un peso motor.

O acetileno mantén dous tipos de lámparas. Unha chama espida a chama AGA e outra na que a mesma chama está recibida por un capillo. Este tipo de lámparas se instalan

nos faros e balizas automáticas ou gas acetileno que está esluído en acetona para podelo manexar sen perigo e antes de saír pola boquilla pasa por un acumulador que frea a elevada presión a que se somete. Dende os depósitos o gas atravesará por unha serie de condutos ata chegar a lanterna, onde unha válvula solar estrangula a súa saída. Cando a luz do día baixa e chega a escuridade a válvula deixa de pasar o gas e unha chama piloto que está deseguido en funcionamento acende a lámpara. Cando chega a mañá ou se retira a brétema, o cilindro da válvula impide o paso do gas co que a fonte de luz se apaga.

*Faro de Punta Nariga*



## TECNICAS UTILIZADAS PARA O MANTEMENTO DOS FAROS AO IR DOS ANOS

Ata a chegada do século XII non se produciron adiantos significativos nos faros pois non eran nada máis que un torreón cunha plataforma superior na que se encendían fogueiras de leña, carbón, alcatrán ou brea entre outros combustíbeis. Despois se pasou a unha lanterna na que se colocaban lámparas de aceite ou sistema con mechas introducidas en sebo. A principios do século XVIII aparecen as lanternas metálicas que

resistían mellor a calor das chamas. Foi a finais do devandito século cando os avances foron salientábeis mediante a utilización de lámpadas compostas dun quinqué rodeada de reflectores parabólicos de metal bruñido que foi o primer sistema de rotación empregado. Non obstante no século XIX a iluminación dos faros deu un gran paso coa invención de lentes escalonadas compo-



*Faro da Illa de Tambo*

tas por unha lente central rodeada por unha serie de aneis prismáticos concéntricos de pouco espesor que concentraban e intensificaban o feixe de luz. No ano 1920 se ideou unha unha lámpada que producía

escintileos automáticos que podían ser xiratorios grazas a presión dun gas. De aquí ata o fornecemento eléctrico pasando dos primeiros cableados a xeneradores electrónicos e as placas solares.

Os faros sempre estiveron rodeados de misterio e de encanto e non o foi menos os encargados de acender estas estrelas da costa que os cuidaban día e noite. A vida destes homes se resume nunha frase que pronuncia da por un deles ao dicir "Vivimos dentro das entrañas dun animal de pedra". As súas xornadas de trábalo transcorrían monótonas só co único afán de manter un aparello que fose quen de avisar dos perigos da costa aos mariñeiros cando a visibilidade era escasa. Eles acendían as luces, vixiaban o alumeado cuidaban da limpeza de todos os enseres do faro. A soidade era grande sobre todo para aqueles que vivían nos faros erguidos no medio do mar porque ao alporizarse quedaban incomunicados, ao non era doado achegarse a eles, e cando as treboadas se prolongaban sufrían a falta de fornecemento dos alimentos. Moitas veces tiñan que acudir en axuda dos mariñeiros que naufragaban ao pé do faro.

*Faro de Ponte a Barca*

A soidade dos fareiros era menor cando vivían coa súa familia ou con varias no mesmo faro entón tiñan servizos compartidos. Tamén os situados na costa algúns posuían edificios adosados ou pequeno horto que cultivaban o mesmo que animais que criaban. O que non ocorriá noutros países como Francia, por medo a debouras, non se permitía a estancia da familia do fareiro o que aumentaba a soidade. As familias en principio no faro tiñan dependenciaS comúns como a cociña eos aseos despois xa se fixeron estancia completamente independentes

A aurea romántica que de sempre tiveron os fareiros desapareceu, a súa imaxe de homes curtidos polo sol o mar e o vento con xerse de colo alto, botas grandes, pantalóns de pana pucho de la e cubrindo todo un chubasqueiro apandando con máis dun milleiro de treboadas, hoxe en día non é mais que o recordo. Os tempos avanza e con eles a tecnoloxía desbotou aquela figura romántica e ao mesmo tempo admirada dos fareiros.



## Refrans

**REFRÁNS EN RELACIÓN COS ATRANCOS**

- ↻ De día os faros teñen que loitar contra brétema da invernia.
- ↻ Os grandes vagallóns baten sen compaixón os muros do torreón.
- ↻ Facer un faro no medio do rochedo mete medo.
- ↻ Os faros defenden aos mariñeiros dos farallóns igual que un dragón.
- ↻ A cotio o faro loita contra a invernia.

**REFRÁNS RELACIONADOS COS MARIÑEIRO**

- ↻ O cruceiro protexe ao camiñante e o faro ao navegante.
- ↻ Non hai luz tan benzoada para o mariñeiro que a do faro.
- ↻ Para os mariñeiros de Galicia os faros son unha ledicia.
- ↻ A gaita é alegría para o gaiteiro e o faro para o mariñeiro.
- ↻ Os mariñeiros andan a procura do faro cando o mar perde a cordura.
- ↻ O cruceiro é unha ledaiña na encrucillada para o andarego, como é o faro para o mariñeiro na marexada.

**REFRÁNS QUE SE REFIREN DE FORMA DIRECTA AO TORREON**

- ↻ Faro averiado barco estragado.
- ↻ No faro atopa avio o navio.
- ↻ O faro é un sentinela que nunca o posto abandona.
- ↻ O faro no mar faime soñar.
- ↻ Faro grande adalíz que ao mariñeiro fas feliz.
- ↻ Ao pé do faro de Laiño coñecín ao meu amorciño.
- ↻ A cebola crua e para faros o da Rua.
- ↻ Faro Vilán un Polifemo grandioso e ferrmoso.

**REFRÁNS RELACIONADOS COS FAREIROS**

- ↻ O torreiro considera ao seu faro a carón do mar como o seu lar.
- ↻ Os fareiros pasan por situación cheas de emocións nos seus torreóns.
- ↻ Con decisión cuidan os fareiros o torreón.
- ↻ O fareiro e rei caroyal no seu faro ancestral.
- ↻ O vento e as gueivotas son para o fareiro amizade na súa soidade.
- ↻ O fareiro e un campeón a espreita no seu torreón.



## REFRÁNS QUE LEMBRAN A LUZ DO FARO

- O sol é a luz que guía aos mariñeiros durante o día, a lúa durante a noite e noite e día os faros.
- O faro gran candil que alumea o cantil.
- Lume na lareira, pan na artesa e luz do faro na mar tesa.
- A luz do faro na abra e a máis desexada.
- Faro xigantesco vagalume que aos barcos alumea.
- A luz do faro na inquendanza sempre é unha esperanza.
- A luz do faro é unha fogueira que arde igual que os toros na lareira.
- A escuridade non reina ao pé do faro.



Faro Cabo Vilano

## Adiviñas

- Non son barco / non son vela / e no medio do mar estou
- Que cousa é cousa / que nunca cambia de lugar / e axuda aos homes na mar.

## Ditos

- Ser como a luz do faro que chega a distancia.
- Dar a felicidade debe de ser o noso faro.
- Que a túa vida sexa como o escintilio do faro na noite.
- Se melloras a mente serás o teu propo faro.

## Cantigas

- Os mariñeiros a piques de naufragar / a súa ledicia e grande/ao ver que o faro os vai socorrer / para o seu contento / atopan nos faros a luz / que os salve en boa hora.
- Os mariñeiros están en perigo no mar / chegar ao peirao con ben / grazas ao faro / é o que a todos convén.
- Cando a brétema e a chuvia /difuminan as formas no mar / de súpeto aparece a luz do faro / que clarexa o horizonte / traendo alegría para os navegantes.
- Non hai casa de aldea / sen hórreo ao seu carón / encrucillada sen cruceiro / faro no espigón / ou na punta do malecón.
- Son centinelas os faros / que guindan a cotio / os seus raios /vagalumes do mar / na noite cerrada / sorte benzoada / para os mariñeiros / por luz tan benadada.
- Non hai aldea sen unha fonte / río sen unha ponte / e costa que non sexa alumeadada/ con luz de faro escintilada.
- O fareiro vive dentro / dun animal de pedra / en completa soidade / só atricada polo axirio dos gueivotas / e os alporizados vagallóns / contra os muros do torreón.



Faro da illa de Ons

- O fareiro é dunha torre capitán / que ten cada día da súa man /para cuidala con afán.
- O faro no medio do mar /nas arredadas illas/no outeiro ou rochedo /coa súa escintilante luz / aos que están a navegar quere axudar.
- Esta a noite cerrada / pola mesta brétema /non hai estrelas no ceo / nin brilla o luar / A xente está amerceada/de xamacar tanta treboada / e dos ceos atoldados / de súpeto surxe / a luz do faro sempre albendradora /Os mariñeiros ao peirao /están a voltar onde os agarda /a lumieira salvadora.

## Lenda

Leandro xoven grego de Abidos namorouse de Heros sacerdotisa de Adfrodita na costa de Tracia a beira contraria do Helesponto. A distancia entre as dúas cidades pola parte máis angosta, do devandito estreito, é duns 1500 metros. Heros correspondía aos amores de Leandro non así a familia pola súa condición de sacerdotisa. Non obstante ambos non estaban dispostos a renunciar ao seu amor e acordaron verse todas

as noites nunha torre na que Heros ascendía unha fogueira que alumase a Leandro cando atravesaba o Helesponto. Porén unha noite se apogou a cacharela e o xoven falto de luz non deu atopado a beira e esgotado



*Faro Cabo Silleiro*

morreu afogado. Ao vindeiro día o corpo de Leandro apareceu na costa guindado polos vagallóns. Heros ao ver o cadáver dende a torre se guindou ao mar morrendo tamén.

## Conto

Un enxeñeiro quixo desafiar ao mar construindo unha torre contra a que nada puidesen facer as treboadas do mar. Unha vez rematada a obra decidiu comprobar a fortaleza da torre e dende o alto agardou un deses días nos que o mar se alporiza e así nunha ocasión o ceo cubriuse de negros buzarróns que deixou caer cantidade de auga ao mesmo tempo que os vagallóns petaban contra os muros

da rexa torre. O enxeñeiro dende o alto do edificio guindaba grandes gargalladas porque se sentía seguro ao ver que o mar nada podía facer contra a fortaleza construída. Malia cando de novo voltou a calma do faro non quedaba nin as trazas porque a treboada o engulira todo. O enxeñeiro fixo algo que endexamais se lle ocorrería a un mariñeiro o non respetar ao mar.



### NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2023

#### TEMA: "O oficio de latoeiro"

**SYNGENTA**, continuando coa tradición deste "Almanaque" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun **PREMIO DE 750 €** ao mellor traballo sobre "O oficio de latoeiro".

O traballo gañador publicárase na próxima edición do "Almanaque agrícola ZZ".

#### BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España SAU, A Relva, s/n, 36400 O Porriño (Pontevedra)**. Referencia "CONCURSO" antes do 15 de outubro de 2023. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregarlos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no idioma galego normativo, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (e-mail, memoria portátil, ...). Admitíranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón contacto. [marketing@syngenta.com](mailto:marketing@syngenta.com), e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
  - Pequena historia dos latoeiros.
  - Os latoeiros en Galicia.
  - Fabricación de unha folla de lata.
  - Materiais e ferramentas.
  - Maquinaria usada polos latoeiros.
  - Útiles e artigos creados polos latoeiros.
  - Refráns, cantigas, ditos lendas e pequenos contos.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de novembro de 2023.



# Taegro<sup>®</sup>

*Naturalmente* protexido

O novo biofungicida natural e sostible para o control preventivo de oídio e botritis en viña e uva de mesa, sen prazo de seguridade nin LMR



 **Taegro<sup>®</sup>**

**syngenta<sup>®</sup>**

© 2021 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y © son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

**Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.**

**Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.**

®

# As novas Castas de Vide



## A variedade “Albilla do Ávia”

**Sinonimias:** Albillo

### 1. Antecedentes

García de los Salmones (1914) cítala como cultivada na parte oriental da rexión, mentres que o Catastro Vitícola de 1983 indica o seu cultivo nos municipios de Beade e Cenlle na DO Ribeiro.



## 2. Situación actual

Esta variedade está considerada baixo a categoría de autorizada na DO Ribeiro, aínda que actualmente non consta no Rexistro de variedades de vide comercializadas. Localizáronse escasos exemplares formando parte de parcelas plurivarietais na DO Ribeiro. Actualmente hai algunhas plantacións monovarietales desta variedade.



## 3. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación tardía e maduración moi tardía. Produce viños cunha graduación alcohólica, en condicións óptimas de maduración, arredor do 14, 4% e cunha acidez preto do 6, 4 (g/L). Estudos analíticos comparativos entre este cultivar e o cultivar treixadura mostran que ambos os dous presentan matices similares.

## 4. Descrición morfolóxica

### Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade baixa e pigmentación reberetada de intensidade media. A cara dorsal do entrenó é verde e vermella, mentres que a cara ventral é verde, ao igual que a cara dorsal e ventral dos nós. As xemas non presentan pigmentación antociánica.

### Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.



### Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma pentagonal, con tres lóbulos; peluda, con densidade baixa de pelos tombados entre os nervios principais do envés do limbo e de pelos ergueitos sobre os nervios principais; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón de intensidade débil; presenza de pigmentación antociánica sobre os nervios principais do envés do limbo que alcanza a primeira bifurcación; dentes de lados rectilíneos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar con lóbulos medio superpostos e coa base en forma de V; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.



### Acio

O acio é cónico, de lonxitude e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.

### Bago

O bago de cor verde amarela presenta forma elíptica curta.



### Descrición tomada da:

A colección de vides da estación de viticultura e enoloxía de Galicia Consellería do medio rural – Xunta de Galicia.

### Agradecimento:

Adega Manuel Formigo  
(Beade, Ourense).



**Boa** uva, **bo** viño

O teu mellor aliado fronte á botrite e asperxilo



Ao final, o que de verdade importa é a calidade



syngenta.



© 2018 Syngenta. Todos os dereitos reservados.  
™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.  
Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.  
Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de uso.






## O TEMPO

No enceto do mes, as xeadas serán dabondo, os carambelos pendurarán dos beirados dos tellados e haberá lazo en camiños e congostras. As néboas noitébregas e da mañá faranse notar. O vento será do nordés e, por tanto, frío. Contra mediados de mes poida que haxa algunha chuveira, aínda que non durará moito. Malia todo, haberá días de ceo nidio e conxumineiras raiolas de sol, malia que cativas. En certas bisbarras caerá algunha que outra nevada que non callará. O mar amosarase teso.



*"Xeada de xaneiro, neve de febreiro, trebón de marzo, chuva de abril e vendaval de maio, ano cabal che traio"*  
*"Pito de xaneiro vai coa súa nai ao poleiro"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	<b>Mabegondo</b> (2000-2022)	13,1	2,2	7,2	16	149,9
	<b>Fontecada-Sta. Comba</b> (2003-2022)	11,1	4,6	8,0	18	299,9
Lugo	<b>Campus Lugo</b> (2000-2022)	10,7	1,2	5,2	12	83,7
	<b>Pedro Murias-Ribadeo</b> (2000-2022)	12,4	6,3	9,2	14	120,0
Ourense	<b>Gandarela-Celanova</b> (2005-2022)	10,0	2,9	6,1	7	89,3
	<b>Ourense</b> (2005-2022)	12,2	1,4	5,5	6	70,7
Pontevedra	<b>Mouriscade-Lalín</b> (2000-2022)	12,0	0,2	5,0	12	129,3
	<b>Corón-V. de Arousa</b> (2002-2022)	13,4	7,1	10,1	9	112,5

**1 D.** **Nai de Deus.** S. María.  
*1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma galego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

**2 L.** Ss. Basilio; Gregorio.

**3 M.** S. Xenoveva.

**4 M.** Ss. Iolando; Rigoberto.  
*1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*  
*1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*  
*1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

**5 X.** S. Emilia.  
*1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.*

**6 V.** **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**  
Ss. Wilma; Melanio.

**7 S.** S. Raimundo.  
*1950. Morre Castelao en Bos Aires.*

  
Lúa Chea

**8 D.** **Bautismo do Señor**  
Ss. Luciano; Eladio.  
*1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

**9 L.** S. Lucrecia.

**10 M.** S. Gonzalo.

**11 M.** S. Alexandre.  
*1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*  
*1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

**12 X.** S. Xulián.  
*1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

**13 V.** S. Hilario.

**14 S.** S. Félix.

**15 D.** Ss. Raquel; Amaro.

  
Cuarto Minguante

**16 L.** S. Marcelo.

**17 M.** Ss. Antón Abade; Guido.

**18 M.** Ss. Prisca - Priscila.

**19 X.** S. Mario.

**20 V.** Ss. Sebastián; Fabián.  
*1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

**21 S.** S. Inés.

  
Lúa Nova

**22 D.** Ss. Laura Vicuña; Vicente.

**23 L.** S. Virxinia.

**24 M.** S. Francisco de Sales.

**25 M.** S. Elvira.

**26 X.** Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

**27 V.** Ss. Ánxela Merici.

**28 S.** S. Tomé de Aquino.  
*1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*  
*1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.*

  
Cuarto Crecente

**29 D.** S. Valerio.  
*1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*  
*1930. Morre o poeta Manoel Antonio.*

**30 L.** S. Martiña.  
*1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

**31 M.** Ss. Xoán Bosco; Marcela.  
*1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*  
*1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.*

# Febreiro






## O TEMPO





Nos primeiros días do mes presentaranse bategadas como consecuencia dos buzarrs rou-sados polo vento procedentes do Atlántico, rispotos e refoleados, que darán lugar a chuvias, aínda que non serán tan escasas coma no mes anterior. A maioría dos días amosaranse con ceos toldados. En fin, un mes tarabeiro, que nin dura nin quenta nin aluma; igual ca un vello candil. Os días lumbrigarán con xeadas e forte friaxe. Nos curutos dos montes dalgunchas bisbarras caerán nevadas illadas. Mais non todo será negativo, pois haberá días calmos e temperados que alternarán con outros encuruxados. O mar será de vaga.

*"Dure a mala veciña como neve en febreiro"*  
*"En febreiro mete obreiro"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

						
	Estación de recollida de datos y media anos	Temperatura media das máximas (°C)	Temperatura media das mínimas (°C)	Temperatura media do mes (°C)	Días de choiva	Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	16,4	4,4	10,0	8	72,2
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	12,6	4,3	7,7	13	222,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	15,4	1,4	7,6	6	63,8
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	15,7	6,8	11,0	6	55,5
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	14,3	5,2	9,2	5	57,9
	Ourense (2005-2022)	17,5	2,7	8,9	4	42,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	14,8	1,1	7,7	8	75,2
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	15,3	7,9	11,3	8	61,3

- 1 M.** S. Severiano.
- 2 X.** S. Candeloria. *Presentación do Señor.*
- 3 V.** Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.  
**1807.** *Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.*
- 4 S.** S. Xilberte.  
**1135.** *Fundación do mosteiro de Aciveiro (Forcarei).*  
**1864.** *Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.*  
**1893.** *Morre en Vigo Concepción Arenal.*
- 5 D.** **Domingo de Septuaxésima.**  
S. Ádega.
-   
Lúa Chea
- 6 L.** Ss. Doris; Paulo Miki.
- 7 M.** S. Gastón.  
**1876.** *Primeiro número da publicación O Tío Marcos da Portela, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.*
- 8 M.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.  
**1835.** *Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.*
- 9 X.** S. Rebeca.
- 10 V.** S. Escolástica.  
**1810.** *Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.*  
**1890.** *Naufraxio do buque inglés The Serpent ó carón do Cabo Vilán.*
- 11 S.** Nosa Señora de Lurdes.  
**1885.** *Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.*
- 12 D.** S. Pamela.
- 13 L.** S. Beatriz.
-   
Cuarto Minguante
- 14 M.** Ss. Cirilo; Valentín.

- 15 M.** Ss. Fausto; Xurxa.  
**1765.** *Sae á rúa o xornal La Región.*  
**1944.** *Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.*
- 16 X.** S. Samuel.
- 17 V.** S. Aleixo.
- 18 S.** S. Bernarda.
- 19 D.** S. Álvaro.  
**1949.** *Fundación de Cerámicas do Castro.*
- 20 L.** S. Clodio.
-   
Lúa Nova
- 21 M.** **Martes de Entroido.**  
S. Severino.  
**1900.** *Morre en Compostela Alfredo Brañas, político e economista.*
- 22 M.** **Mércores de Cinza.**  
Ss. Eleonora, Nora.
- 23 X.** S. Florencio.  
**1908.** *Nace en Botos (Lalín) o pintor José Otero Abeledo "Laxeiro".*
- 24 V.** Ss. Rubén; Serxio.  
**1837.** *Nace en Santiago Rosalía De Castro.*  
**1985.** *Comeza a emitir a Radio Galega.*
- 25 S.** Ss. Néstor; Sebastián de Aparicio.  
**1861.** *Nace en Pontevedra o pianista Carlos Sobrino.*
- 26 D.** S. Augusto.
- 27 L.** S. Leandro.
-   
Cuarto Crecente
- 28 M.** S. Román.  
**1981.** *Morre en Vigo o escritor Álvaro Cunqueiro.*



# Marzo






## O TEMPO



Como ten por vezo este mes, terán lugar as receadas marzadas coas treboadas, saraibadas, chuviares e ventos refoleados. Este mal tempo en certos lugares poderá dar lugar a unha que outra nevada. As noites con xeadas para fastío dos pomares, eixidos e pexegueiros. Nas mañás haberá importantes brétemas. Non obstante, o mes sempre desigual, con ventos frouxos que traerán días temperados. O tempo no mar irá parello co acontecido en terra; é dicir, haberá días que se amose calmo, en troques, noutros, tempestuoso.

*"Chuvia en marzo, nin o mexo dun gato"*  
*"Na lúa de marzo, a túa horta saches"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	17,0	3,9	10,5	8	81,3
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	14,6	5,4	9,3	13	220,8
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	16,5	2,8	9,2	9	84,9
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	15,0	7,6	11,4	8	47,6
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	16,5	5,0	10,1	7	79,5
	Ourense (2005-2022)	19,8	4,1	11,1	7	72,9
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	16,2	1,2	8,4	8	101,2
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	16,5	9,0	12,6	8	95,9

**1 M.** S. Rosendo.  
**1493.** *Arribada da caravela La Pinta ó porto de Baiona, pilotada polo pontevedrés Sarmiento.*

**2 X.** S. Lucio.  
**1886.** *Nace na Coruña o compositor Eduardo Rodríguez Losada.*

**3 V.** S. Celidonio.

**4 S.** Ss. Ariel; Capitón.  
**1889.** *Nace en Cambados o escultor Francisco Asorey.*  
**1936.** *Morre o galeguista Antón Vilar Ponte.*

**5 D.** S. Olivia.  
**1888.** *Nace en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

**6 L.** S. Elcira.  
**1856.** *Banquete intelectual de Conxo, con Pondal e Aurelio Aguirre.*

**7 M.** Ss. Perpetua; Felicidade.  
**1908.** *Morre en Cuba o escritor Curros Enríquez.*  
**1909.** *Nace en Santiago Xosé Mª Castroviejo.*

**8 M.** S. Xoán de Deus.  
**1917.** *Morre na Coruña Eduardo Pondal.*

**9 X.** S. Francisca Romana.  
**1695.** *Nace no Bierzo Frei Martín Sarmiento.*

**10 V.** S. Macario.  
**1944.** *Editase en Bos Aires Sempre en Galiza de Castelao.*  
**1965.** *Morre en Belesar o derradeiro guerrilleiro da Resistencia Galega Xosé Castro Veiga "O Piloto".*

**11 S.** S. Eulolio.

**12 D.** S. Norma.

**13 L.** S. Rodrigo.

**14 M.** S. Matilde.

**15 M.** S. Luisa de Marillac.

  
Cuarto  
Minguante

**16 X.** S. Heriberto.

**17 V.** S. Patricio.  
**1960.** *Morre en Madrid o pintor Álvarez De Sotomayor.*

**18 S.** S. Cirilo.  
**1897.** *Nace en Pontecesures o pintor Carlos Maside.*

**19 D.** S. Xosé.  
**1847.** *Fúndase o "Círculo de Artesanos" a prol do desenvolvemento cultural de Galicia.*

**20 L.** S. Alexandra.  
**1886.** *Nace en Mugardos o pintor Felipe Bello.*

**21 M.** S. Uxía.  
**1874.** *Nace na Coruña o músico Andrés Gaos.*

  
Lúa Nova


**22 M.** S. Lea.  
**1992.** *Morte do poeta Antón Aviles De Taramancos.*

**23 X.** S. Dimas.

**24 V.** Ss. Elba; Catarina de Suecia.

**25 S.** S. Anunciación.  
**1990.** *Morre en Santiago Ricardo Carvalho Calero.*

**26 D.** S. Braulio.  
**1930.** *Pacto de Lestrove.*

 Cambio horario  
(Adiantarse o reloxo 1h)

**27 L.** S. Ruperto.

**28 M.** S. Octavio.  
**1809.** *Os exércitos de Morillo e Cachamuiña liberan Vigo dos Franceses.*  
**1966.** *Morre en Lalín o astrónomo Ramón Mª Aller.*

**29 M.** S. Gladys.

  
Cuarto  
Crecente

**30 X.** S. Artemio.

**31 V.** Ss. Benxamín; Balbina.  
**1901.** *Nace en Pontearreas o escritor Fermín Bouza Brey.*

# Abril

## O TEMPO








Neste mes ocorrerá de todo, pois pode sorprender con chuvias, treboadas e friaxes, segundo se desenvolva. Pola mañá, cerradas néboas e xeadas. O vento pode traer algunha cebrina de chuvia e ventos fortes, con ceos toldados, dando lugar a chuvieiras -aínda que non a barullo-, que non farán aumentar os encoros nin os ríos sairán dos seus baltróns anegando as terras á súa beira, malia que poucas servirán para manter a lentura da terra. A medida que o mes avance, haberá algunha calor e, contra o final, o tempo será maino. No mar, marusia nuns días e, noutros, calma.

*"Labrador, en abril déixate ir ata o meixel"*

*"A cinco de abril o cuco debe vir, e se non vén, o sete ou o oito está morto"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	17,2	6,0	11,6	14	109,1
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	15,7	6,6	10,7	13	163,1
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	16,8	5,2	10,4	14	128,5
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	15,7	8,8	12,1	13	63,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	16,5	5,8	10,4	15	141,1
	Ourense (2005-2022)	19,7	6,5	12,5	13	135,5
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	16,1	3,5	9,6	14	146,5
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	16,4	9,9	13,2	15	190,5

**1 S.** S. Hugo.  
**1188.** *Inauguración do "Pórtico da Gloria" da Catedral de Santiago.*  
**1844.** *Comeza en Lugo a "Revolución Progresista Galega".*  
**1917.** *Sae á rúa o xornal El Ideal Gallego.*

**2 D.** **Domingo de Ramos.**  
Ss. Xandra; Francisco de Paula.

**3 L.** S. Ricardo.  
**1841.** *Nace en Santiago o escultor Isidoro Brocos.*

**4 M.** S. Isidoro.  
**1284.** *Morte de Afonso X o Sabio, creador das Cantigas de Santa María.*

**5 M.** S. Vicente Ferrer.  
**1889.** *Nace en Lugo o pintor Jesús Rodríguez Corredoira.*  
**1896.** *Nace en Ourense o galeguista Ben-Cho-Shey.*  
**1897.** *Morre na Coruña Francisco de la Iglesia, autor da letra da famosa Alborada de Pascual Veiga.*  
**1902.** *Nace en Pontevedra o pintor Arturo Souto.*  
**1979.** *Morre na Coruña Luís Seoane.*  
**1926.** *Xoaquín Loriga inicia o voo Madrid-Manila.*

**6 X.** **Xoves Santo.**  
S. Edith.

  
Lúa Chea

**7 V.** **Venres Santo.**  
S. Xoán Bautista da Salle.  
**1963.** *Créase a Fundación Penzol en Vigo.*

**8 S.** **Sábado de Gloria.**  
S. Constanza.

**9 D.** **Domingo de Pascoa.**  
S. Demetrio.  
**1842.** *Nace o compositor Pascual Veiga en Mondoñedo, autor do Himno Galego.*

**10 L.** S. Ezequiel.  
**1874.** *Nace na Coruña o pintor Francisco Lloréns.*  
**1976.** *Morre en Ourense Ramón Otero Pedrayo.*

**11 M.** S. Estanislao.

**12 M.** Ss. Arnaldo; Xulio.  
**1888.** *O químico Antonio Casares e Rodrigo falece en Compostela.*

**13 X.** Ss. Martiño; Aída.  
**1840.** *Nace en Lugo Juan Montes Capón, un dos mellores músicos galegos de todos os tempos.*

  
Cuarto Minguante

**14 V.** S. Máximo.

**15 S.** S. Crescente.

**16 D.** **Domingo de Quasimodo - As Pascuiñas.**  
S. Flavio.

**17 L.** Ss. Leopoldo; Aniceto.

**18 M.** S. Vladimir.  
**1978.** *Constitúese a Xunta de Galicia.*

**19 M.** S. Enma.

**20 X.** S. Edgardo.

  
Lúa Nova

**21 V.** S. Anselmo.

**22 S.** Ss. Karina; Señoriña.

**23 D.** S. Xurxo.

**24 L.** S. Fidel.

**25 M.** S. Marcos.  
**1734.** *Nace na Coruña José Andrés Cornide Saavedra.*  
**1974.** *Revolución dos Caraveis en Portugal.*

**26 M.** Ss. Cleto; Marcelino.  
**1846.** *Mártires de Carral: fusilamento do coronel Solís e os seus compañeiros do alzamento contra o goberno absolutista de Narváez.*

**27 X.** Ss. Zita; Toribio de Mogrovejo.

  
Cuarto Crecente

**28 V.** S. Valeria.

**29 S.** S. Catarina de Siena.

**30 D.** Ss. Amador; Pío V.  
**1963.** *Falece en Ourense Vicente Risco.*

# Maio

## O TEMPO






O mes principiará co agasallo dun tempo moi solermeño, sen moita calor nin friaxe en sobexo; empuriso, non será uniforme, pois no seu decorrer faranse sentir treboadas ou sarabiadas que darán lugar, nuns días, a un ambiente de lentura e frescura e, noutros, a ceo clarexado. Os ceos toldados impedirá que a calor sexa pouca. As chuvias, aínda que non a bao, serán importantes. O tempo nos derradeiros días do mes presentárase coma no seu comezo, de bo tempero. O estado do mar, chan.



*"En maio de fame me desmaio"*

*"Ata o corenta de maio non quites o saio, e se volve a chover, vólveo a poñer"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	20,8	7,6	14,7	8	46,4
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	18,5	8,7	13,3	11	120,3
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	21,3	7,4	14,0	6	31,7
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	17,5	10,2	14,1	7	63,2
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	22,2	8,6	15,0	5	22,0
	Ourense (2005-2022)	25,8	9,1	17,3	3	18,4
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	21,2	5,4	13,6	6	35,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	20,0	12,3	16,0	6	45,9

---

**1 L.** S. Xosé Obreiro.  
*1880. Nace a primeira publicación periódica de Galicia: El Catón Compostelano.*

---

**2 M.** Ss. Anastasio; Boris.  
*1988. Morte do escritor Ben-Cho-Shey en Madrid.*

---

**3 M.** S. Santa Cruz.

---

**4 X.** S. Filipe e Santiago.  
*1907. Fúndase o Centro Gallego de Bos Aires.*

---

**5 V.** S. Xudit.



Lúa Chea

---

**6 S.** S. Eleordo.

---

**7 D.** S. Domitila.

---

**8 L.** S. Segundo.

---

**9 M.** S. Isaías.

---

**10 M.** S. Antonio/a.

---

**11 X.** S. Estela.

---

**12 V.** Ss. Pancracio; Nereo.



Cuarto Minguante

---

**13 S.** Nosa Señora de Fátima.

---

**14 D.** S. Matías.  
*1589. O pirata Drake asedia a cidade da Coruña.*

---

**15 L.** S. Isidro.

---

**16 M.** Ss. Honorato; Eufrasio.  
*1984. Constitúese a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.*

---

**17 M.** S. Pascual Bailón.  
*1833. Nace Manuel Murguía en Arteixo.*  
*1863. Edítase en Vigo a primeira edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro.*  
*1963. A Real Academia Galega institúe o Día das Letras Galegas.*

---

**18 X.** **Ascensión do señor.**  
Ss. Enriqueta; Corina.  
*1916. Créase na Coruña as Irmandades dos Amigos da Fala.*  
*1970. Fúndase o Museo Maside de Arte Contemporánea en Sada.*

---

**19 V.** Ss. Yvo; Yvone.



Lúa Nova

---

**20 S.** S. Bernardino de Siena.

---

**21 D.** Ss. Constantino; Trocado.

---

**22 L.** Ss. Rita; Quiteria.

---

**23 M.** S. Desiderio.

---

**24 M.** Ss. Marta Auxiliadora; Susana.

---

**25 X.** Ss. Beda; Gregorio.

---

**26 V.** S. Mariana.  
*1898. Nace en Soutelo de Montes Avelino Cachaifeiro Bugallo, considerado o mellor gaitero de Galicia.*

---

**27 S.** Ss. Emilio; Agostiño de Cantorbery.



Cuarto Crecente

---

**28 D.** **Domingo de Pentecostés.**  
S. Xermán.

---


**29 L.** Ss. Maximiano; Hilda.

---

**30 M.** Ss. Fernando / Hernán; Xoana de Arco; Lorena.

---

**31 M.** S. Visitación.  
*1915. Nace Ramón Piñeira na Láncara.*








# San Xoán

## O TEMPO

No decorrer do mes os ventos cubrirán o ceo de nubes. Non obstante, o sol rematará por imponse ao vasojar todo lixume, rematando coa lentura da terra que, falta de auga, regañará. Os días so-lleiros, polo xeral, dominarán dende o abrete ata o solpor. Aínda que non se desbota algunha chisca de auga, serán moi illadas as chuvias. Os ventos do NE refrescarán o ambiente, ás veces de calor abafante. O mar amosarase calmo.

*"Pola noite de San Xoán pon a roupa no teu soán"*  
*"De San Xoán a San Pedro cinco días no medio"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	20,7	10,2	15,6	13	76,1
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	21,0	11,5	15,8	8	81,4
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	22,0	10,4	15,6	7	49,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	19,0	13,2	16,1	13	66,7
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	22,4	10,4	15,5	6	44,4
	Ourense (2005-2022)	25,2	11,8	18,3	7	51,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	20,4	7,7	14,2	7	45,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	19,5	13,6	16,7	9	64,2



- 1 X.** Ss. Xustino; Pedro Vázquez.  
**1910.** *Nace Luís Seoane en Bos Aires.*
- 2 V.** Ss. Marcelino; Erasmo.
- 3 S.** S. Maximiliano.  
**1876.** *Nace en Cambados Ramón Cabanillas.*  
**1903.** *Nace Alexandre Bóveda en Ourense.*
- 4 D.** **Santísima Trindade.**  
 S. Frida.  
Lúa Chea
- 5 L.** Ss. Bonifacio; Salvador.
- 6 M.** S. Noberto.
- 7 M.** S. Clodio.  
**1809.** *Batalla de Pontesampaio contra as tropas francesas de Ney na que interveu tamén o "Batallón Literario de Santiago".*
- 8 X.** **Santísimo Corpus Christi.**  
S. Armando.
- 9 V.** S. Efrén.
- 10 S.** S. Paulina.  
 **1909.** *Nace o poeta Aquilino Iglesias Alvariño en Abadín.*  
**1958.** *Falece o pintor Carlos Maside en Compostela.*  
Cuarto Minguante
- 11 D.** Ss. Bernabeu; Trinidad.
- 12 L.** S. Onofre.  
**1874.** *Nace en Vigo o músico e escritor Teodosio Vesteiro Torres.*
- 13 M.** S. Antón.
- 14 M.** S. Eliseo.  
**1987.** *Publicase o primeiro número do "Atlántico Diario".*

- 15 X.** Ss. Leonidas, Manuela.
- 16 V.** S. Aurelio.
- 17 S.** S. Ismael.
- 18 D.** S. Salomón.  
  
Lúa Nova
- 19 L.** S. Romualdo.
- 20 M.** S. Florentino.
- 21 M.** Ss. Raúl; Rodolfo; Luís Gonzaga.
- 22 X.** Ss. Paulino de Nola; Tomé Moro.
- 23 V.** S. Marcial.
- 24 S.** S. Xoán Bautista.  
**1891.** *Xogos Florais do Idioma Galego en Tui, con intervencións de Murguía, Brañas e o bispo Lago González.*
- 25 D.** Ss. Guillermo; Tramunda.
- 26 L.** Ss. Paio; Xoán Tersón.  
  
Cuarto Crecente
- 27 M.** S. Cirilo.
- 28 M.** S. Ireneo.  
**1936.** *Aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia.*
- 29 X.** S. Pedro e Pulo.
- 30 V.** S. Adolfo.

# Santiago

## O TEMPO



O sol amosarase eschamizante por todo o país. Polas mañás, brétemas que enfurrarán o ceo.






Os cúmulos, en principio mainiños, trocarán en masas chumbeiras por culpa do golfar do

océano. Como consecuencia, poden aparecer treboadas con importante aparato eléctrico. Na metade do mes, o vento nordés poderá traer certa frescura. O mes rematará con bo tempo, en xeral con ceo clarexado con apenas nubes, e, ao deixar de sentirse o vento, a calor volverá a ser de intensa fogaxe. O mar estará calmo na maior parte do mes.

*"Se en xullo non trona, fame na aldea"*

*"En xullo, beber e suar e na sella o fresco procurar"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	25,1	13,5	19,3	5	14,7
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	22,3	13,0	17,7	7	36,9
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	26,5	13,6	19,2	3	26,7
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	22,0	15,9	18,9	6	21,4
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	28,4	13,8	20,0	3	9,8
	Ourense (2005-2022)	31,6	15,8	22,9	2	24,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	26,0	11,2	18,5	5	23,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	23,5	16,8	19,8	4	19,7

---

**1 S.** S. Ester.  
*1824. Nace en Vigo o mariño Méndez Núñez.*  
*1920. Morre na Habana Ramón Armada, fundador de A Gaita Galega, a primeira publicación en galego na América.*

---

**2 D.** S. Gloria.  
*1861. Celébranse na Coruña os 1os Juegos Florales de Galicia. As súas creacións literarias serán publicados no libro Álbum de la Caridad en 1862.*

---

**3 L.** S. Tomé.  
*1528. Constitúese en Compostela o Reino de Galicia.*

  
Lúa Chea

**4 M.** Ss. Sabela; Eliana; Liliana.

---

**5 M.** Ss. Antón-María; Berta.

---

**6 X.** S. María Goretti.

---

**7 V.** S. Fermín.

---

**8 S.** S. Uxío.  
*1923. Anxel Casal promove a creación das Escolas do Ensino Galego, ofrecidas polas Irmandades da Fala.*  
*1983. Fúndase o Consello da Cultura Galega.*

---

**9 D.** S. Verónica.

---

**10 L.** Ss. Elías; Xoán Xacobo Fernández.

  
Cuarto Minguante

**11 M.** S. Bieito.

---

**12 M.** S. Filomena.  
*1900. Nace en Rianxo o poeta Manoel Antonio.*  
*1906. Morre o compositor galego Pascual Veiga, autor do Himno de Galicia ou a Alborada Gallega.*

---

**13 X.** Ss. Henrique; Xoel.

---

**14 V.** S. Camilo de Lelis.

---

**15 S.** Ss. Boaventura; Xulio.  
*1885. Morre Rosalía de Castro en Padrón.*

---

---

**16 D.** S. Carme.

---

**17 L.** S. Carolina.

  
Lúa Nova

**18 M.** S. Federico.

---

**19 M.** S. Arsenio.  
*1989. Morre o etnógrafo e historiador Xaquín Lorenzo (Xocas).*

---

**20 X.** Ss. Mariña; Xosé M<sup>o</sup> Díaz.  
*1979. Apróbase o decreto polo que o galego pasa a formar parte do sistema educativo galego.*

---

**21 V.** S. Daniel.

---

**22 S.** S. María Madalena.

---

**23 D.** S. Bríxida.

---

**24 L.** S. Cristina.  
*1985. Primeira emisión da Televisión de Galicia.*  
*1967. Morre o galeguista Lois Peña Novo.*

---

**25 M.** **Santiago Apóstolo.**  
*813. Descuberta a tumba do apóstolo Santiago polo bispo de Iria Teodomiro.*  
*1965. O xesuíta Xaime Seixas celebra en Compostela a primeira misa en galego.*

---

**26 M.** Ss. Xoaquín; Ana.

  
Cuarto Crecente

**27 X.** S. Natalia.

---

**28 V.** S. Celso.

---

**29 S.** S. Marta.

---

**30 D.** S. Abdón e Senén.  
*1881. Nace en Vigo o xornal La Propaganda, creado por Ricardo Mella para a defensa e ilustración da clase obreira.*

---


**31 L.** S. Ignacio de Loyola.

---

# Agosto






## O TEMPO

As solleiras aburarán o carrelo e mais os miolos. Os toldados poden aparecer con cariz de treboada que farán que estouren tronadas e alustros, porén con chuvieiras rabenas. Na costa aparecerán néboas ao condensarse o golfar do Atlántico. O mes decorrerá con bo tempo, ventos velaíños e pouca lentura. As represas e o caudal dos ríos verán minguido o contido por mor da continuada estiaxe. O mar, coma no mes precedente, continuará moi chan.



*"Chova ou non chova, en agosto rega a horta"*  
*"Agosto enxoiro, castaña no cesto"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	25,5	12,9	19,0	5	38,7
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	23,4	13,1	17,4	7	71,8
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	26,8	13,4	19,1	5	21,3
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	23,4	16,2	19,7	5	49,5
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	27,7	13,7	19,5	5	23,3
	Ourense (2005-2022)	31,1	15,1	22,3	4	23,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	25,5	10,8	17,9	4	28,7
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	23,2	16,4	19,6	3	55,8

---

**1 M.** S. Alfonso María de Ligorio.  
**1878.** *Sae á rúa o primeiro número do xornal El Correo Gallego.*

  
Lúa Chea

---

**2 M.** S. Eusebio.

---

**3 X.** S. Lidia.

---

**4 V.** S. Xoán María Vianney.

---

**5 S.** Ss. Osvaldo; Neves.

---

**6 D.** **Transfiguración do Noso Señor.**

---

**7 L.** Ss. Sixto; Caetano.

---

**8 M.** S. Domingos de Guzmán.

  
Cuarto Minguante

---

**9 M.** S. Xusto.

---

**10 X.** S. Lourenzo.

---

**11 V.** S. Clara de Asís.  
**1903.** *Nace en Lugo o escritor Ánxel Fole.*

---

**12 S.** S. Laura.

---

**13 D.** S. Víctor.

---

**14 L.** S. Alfredo.

---

**15 M.** **Asunción da Virxe María.**

---

**16 M.** Ss. Roque; Xema.

  
Lúa Nova

---

**17 X.** S. Xacinto.  
**1908.** *Sae á rúa o primeiro número de El Progreso de Lugo.*  
**1936.** *Alexandre Bóveda é fusilado na Caeira (Pontevedra).*

---

**18 V.** Ss. Helena, Leticia.

---

**19 S.** S. Mariano.

---

**20 D.** S. Bernardo.

---

**21 L.** S. Pio X.

---

**22 M.** S. María Raíña.

---

**23 M.** S. Rosa de Lima.

---

**24 X.** S. Bartolomeu.

  
Cuarto Crecente

---

**25 V.** Ss. Luís (rei); Xosé Calasanz; Pedro Vázquez.

---

**26 S.** Ss. Tareixa de Xesús; César.  
**1990.** *Morre o galeguista Ramón Piñeiro.*

---

**27 D.** S. Mónica.

---

**28 L.** S. Agostiño.

---

**29 M.** Ss. Xoán Bautista; Sabina.

---

**30 M.** Ss. Donato; Ero.  
**1879.** *Créase o Centro Gallego de Montevideo.*

---

**31 X.** S. Ramón.  
**1979.** *Morre en Vigo o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

  
Lúa Chea

# Setembro

## O TEMPO






O mes continuará coa fogaxe coa que rematou o que lle precedeu. Como consecuencia, aínda continuará o bo tempo; non obstante, irá esmaiolando segundo avance. Contra finais xa se comezará a sentir certa friaxe polo serán, e ás noites e polas mañás orballos. Poida que tamén volvan as chuvias, porén escasas, que non impedirán as tarefas de vendima. O mar, un tanto picado nuns días e bravo noutros.



*"San Migueliño das uvas maduras, que tarde nos vés e que pouco nos duras! Se dúas veces ao ano viñeses, moito ben nos farías"*

*"-Despois de que pase o San Miguel, xa pode ir aos figos quen quixer"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	<b>Mabegondo</b> (2000-2022)	24,6	11,3	17,7	9	43,1
	<b>Fontecada-Sta. Comba</b> (2003-2022)	21,9	11,8	16,6	7	101,4
Lugo	<b>Campus Lugo</b> (2000-2022)	24,3	11,7	17,0	5	25,1
	<b>Pedro Murias-Ribadeo</b> (2000-2022)	21,5	15,1	17,9	9	53,2
Ourense	<b>Gandarela-Celanova</b> (2005-2022)	24,1	11,8	17,3	4	26,7
	<b>Ourense</b> (2005-2022)	28,5	13,0	19,6	4	27,5
Pontevedra	<b>Mouriscade-Lalín</b> (2000-2022)	23,8	9,0	16,1	5	42,1
	<b>Corón-V. de Arousa</b> (2002-2022)	22,4	15,8	18,7	7	64,0

---

**1 V.** S. Arturo.

**2 S.** S. Moisés.

**3 D.** S. Gregorio Magno.

**4 L.** S. Irma.  
**1906.** *Morre o poeta Valentín Lamas Carvajal.*

**5 M.** S. Victorino.

**6 M.** Ss. Eva; Evelyne.

**7 X.** S. Rexina.



Cuarto  
Minguante

**8 V.** **Natividade da Virxe.**  
**1897.** *Nace en Ourense o escritor Eduardo Blanco Amor.*

**9 S.** Ss. Serxio e Omar; Remedios.

**10 D.** Ss. Nicolás de Tolentino;  
Adalberto; Pedro de Mezonzo.

**11 L.** Ss. Orlando; Roldán.

**12 M.** S. María.

**13 M.** S. Xoán Crisóstomo.  
**1898.** *Morre en Pontevedra o galeguista Ramón Martínez López.*

**14 X.** S. Imelda.

**15 V.** **Nosa Señora das Dores.**  
**1851.** *Nace en Celanova o escritor Cúrros Enriquez.*



Lúa Nova

---

**16 S.** S. Cibrán.

**17 D.** S. Roberto.

**18 L.** S. Xosé de Cupertino.

**19 M.** S. Xenaro.

**20 M.** S. Amelia.

**21 X.** S. Mateu.

**22 V.** S. Mauricio.



Cuarto  
Crecente

**23 S.** Ss. Lino e Tegra.  
**1895.** *Nace en Lalín o aviador Xoaquín Loriga, o primeiro da aviación en Galicia.*

**24 D.** Nosa Señora do Carme.

**25 L.** S. Aurelio.  
**1110.** *Afonso Raimúndez é proclamado rei de Galicia polo arcebispo Xelmírez.*

**26 M.** Ss. Cosme e Damián.

**27 M.** S. Vicente de Paúl.

**28 X.** S. Wenceslao.

**29 V.** Ss. Miguel; Gabriel e Rafael.



Lúa Chea

**30 S.** S. Xerónimo.

---



## O TEMPO








**N**os primeiros días do mes arrollarán días galgueiros de sol con chuviadas cun vento alporizado do nordés que engumiñará as orellas. As noites serán clarexadas e as mañás con orballos e xeadas. No decorrer do mes o sol guindará adocidas bafaradas e o ceo cubrirase de nubeiros chumbosos procedentes do Atlántico que embazarán o ceo, dando lugar a que sopren escarabanas frías. Non se desbota tamén algunha treboada. Non obstante, o mes finará con raxeiras de sol, aínda que o ambiente será fresco. O mar amosarase picado.

*"Polo San Lucas e polo San Pastor entran as nozes en sabor, as mozas en amor e as vellas en dor"*

*"Polo San Simón poñer o tapón, e polo San Martiño probar o viño"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	<b>Mabegondo</b> (2000-2022)	20,5	8,2	14,1	13	125,9
	<b>Fontecada-Sta. Comba</b> (2003-2022)	18,2	10,3	14,0	14	293,3
Lugo	<b>Campus Lugo</b> (2000-2022)	19,5	8,0	12,8	11	145,1
	<b>Pedro Murias-Ribadeo</b> (2000-2022)	18,4	11,0	14,7	12	135,0
Ourense	<b>Gandarela-Celanova</b> (2005-2022)	18,9	9,0	13,4	11	93,7
	<b>Ourense</b> (2005-2022)	22,7	8,9	14,8	9	73,8
Pontevedra	<b>Mouriscade-Lalín</b> (2000-2022)	18,7	5,6	11,7	11	137,8
	<b>Corón-V. de Arousa</b> (2002-2022)	19,4	12,4	15,6	12	142,2

- 1 D.** S. Tareixa do Neno Xesús.  
**1884.** O escritor Vicente Risco nace en Ourense.
- 2 L.** S. Anxos Custodios.  
**1881.** Nace en Viveiro o galeguista Antón Vilar Ponte.
- 3 M.** S. Xerardo.  
**1914.** Nace en Silleda Ramón De Valenzuela.
- 4 M.** S. Francisco de Asís.
- 5 X.** Ss. Flor; Froilán.
- 6 V.** S. Bruno.  
**1923.** Morre Andrés Martínez Salazar, transcribiu a Crónica Troyana.
-  Cuarto Minguante
- 7 S.** Nosa Señora do Rosario.
- 8 D.** Nosa Señora de Begonia.  
**1676.** Fr. Benito Jerónimo Feijoo nace en Casdemiro (Pereiro de Aguiar).
- 9 L.** S. Dionisio.
- 10 M.** S. Francisco de Borja.  
**1974.** Creación do Museo do Traxe Galego.
- 11 M.** S. Soidade.
- 12 X.** Nosa Señora do Pilar.
- 13 V.** S. Eduardo.
- 14 S.** S. Calisto.
-  Lúa Nova
- 15 D.** S. Tareixa de Ávila.  
**1702.** Entra na ría de Vigo a escuadra que transporta 108 millóns de pezas de ouro e prata, o famoso tesouro de Rande.
- 16 L.** S. Eduvixes.  
**1881.** O músico Marcial De Adalid morre na Coruña.

- 17 M.** S. Margarida M<sup>a</sup> de Alacoque.
- 18 M.** S. Lucas.
- 19 X.** Ss. Paulo da Cruz; Renato.  
**1869.** Nace en Mondoñedo o escritor Noriega Varela.
- 20 V.** S. Irene.  
**1929.** O compositor Reveriano Soutullo estrea o pasodobre Pontearas.
- 21 S.** S. Úrsula.  
**1886.** Nace o filósofo Xoán Vicente Viqueira.
- 22 D.** S. Sara.
-  Cuarto Crecente
- 23 L.** S. Remixio.  
**1923.** Fundación do Seminario De Estudos Galegos.
- 24 M.** Ss. Antón M<sup>a</sup> Claret; Paderna.
- 25 M.** S. Olga.  
**1854.** Nace en Mondoñedo Manuel Leiras Pulpeiro.
- 26 X.** S. Darío.
- 27 V.** S. Gustavo.
- 28 S.** Ss. Simón; Xudas.
-  Lúa Chea
- 29 D.** S. Narciso.  
**1977.** Inauguración do Museo Do Pobo Galego.
-  Cambio horario (atrasarase o reloxo 1h)
- 30 L.** S. Alonso.  
**1920.** Aparece o primeiro número en Ourense da revista "NÓS"
- 31 M.** S. Lucía.

# Novembro






## O TEMPO






**E**ste mes ten a sona de ser o máis airoso do ano e así se presentará unha vez máis, pois, a pouco do enceto, o ceo cubrirase de arnais nubeiros que guindarán chuvias inquinas dabondo. Bufará un toleiro vento nordés para esgazar as pólas das árbores, escachizando un que outro tellado. Malia todo, haberá unha melloría do tempo coa chegada do veranciño de San Martiño, que non será de moita duración, porque de novo o tempo empeorará, amosándose co mesmo cariz que no principio do mes, ademais de xeadas ao lumbrigar o día e neves nos cumios. O mar, desfeito.

*"Novembro rematado, inverno comezado"*  
*"Da metade de novembro en adiante, frío acotío"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	15,7	7,1	11,2	18	222,7
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	13,5	6,9	10,2	15	217,3
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	13,7	5,2	8,9	18	157,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	15,9	9,6	12,7	12	117,1
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	12,6	6,5	9,2	16	174,0
	Ourense (2005-2022)	15,9	6,9	10,6	16	151,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	13,0	4,8	8,9	19	229,6
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	15,5	10,3	12,8	19	259,5

- 
- 1 M.** **Todos os Santos.**  
*1567. Nace en Baiona Diego Sarmiento De Acuña, Conde de Gondomar.*  
*1849. Nace en Ourense o escritor Valentín Lamas Carvajal.*
- 
- 2 X.** Todos os Fieis Defuntos.
- 
- 3 V.** S. Martiño de Porres.  
*1853. Sae á rúa o primeiro número de Faro De Vigo.*
- 
- 4 S.** S. Carlos Borromeo.
- 
- 5 D.** S. Silvia.
-   
Cuarto Minguante
- 
- 6 L.** S. Leonardo.
- 
- 7 M.** Ernesto.
- 
- 8 M.** S. Ninfa.
- 
- 9 X.** S. Teodoro.  
*1959. Nace en Cambados o escritor Ramón Cabanillas.*
- 
- 10 V.** S. León Magno.
- 
- 11 S.** S. Martiño de Tours.
- 
- 12 D.** S. Cristián.
- 
- 13 L.** S. Diego.  
*2002. Afundimento do petroleiro Prestige fronte ás costas galegas.*
-   
Lúa Nova
- 
- 14 M.** S. Humberto.  
*1738. Nace en Noia o escultor Xosé Ferreiro.*  
*1886. Nace en Ourense o investigador Florentino López Cuevillas.*  
*1916. Sae á rúa o primeiro número da publicación galeguista "A Nosa Terra".*
- 






- 
- 15 M.** S. Alberte Magno.  
*1944. Créase en Montevideo o Consello De Galiza.*
- 
- 16 X.** Ss. Margarida; Xertrude.  
*1877. Nace en Ourense o músico Francisco Santalices.*
- 
- 17 V.** S. Sabela de Hungría.  
*1918. 1ª Asemblea en Lugo das Irmandades Da Fala.*
- 
- 18 S.** S. Elsa.
- 
- 19 D.** Ss. André; Avelino.
- 
- 20 L.** S. Edmundo.
-   
Cuarto Crecente
- 
- 21 M.** S. Presentación da Virxe.
- 
- 22 M.** Ss. Cecidia; Xoán de Pontevedra.
- 
- 23 X.** S. Clemente.  
*1879. Reunión de creación do Centro Galego Na Habana.*
- 
- 24 V.** S. Flora.
- 
- 25 S.** S. Catarina Labouré.
- 
- 26 D.** S. Delfina.
- 
- 27 L.** Ss. Virxilio; Facundo; Primitivo.
-   
Lúa Chea
- 
- 28 M.** S. Branca.
- 
- 29 M.** S. Saturnino.
- 
- 30 X.** S. André.  
*1232. Consagración da Catedral De Tui.*  
*1833. As sete Provincias Galegas do antigo reino de Galicia pasan a ser as catro actuais.*
-

## O TEMPO

O mes presenta-se con xeadas abundas e intensas. Os ventos do noroeste, ríspetos e con moita friaxe. A chuvia, nalgunhas bisbarras, a Deus dar, aumentando o caudal dos ríos, que poden sobardar os seus baltróns anegando as terras ao seu carón. Os curutos dos montes cubriranse co seu carrapucho albeiro como corresponde a estas datas. O tempo mellorará e haberá algúns días clarexados coa atmosfera maina que nos traerá solleiras; malia todo, o ambiente seguirá frío. O mar amosarase tempestuoso.

*"Decembro quente trae ao demo no ventre"  
"Cando en decembro vexas nevar, ensancha o celeiro e o pallar"*

## DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2022)	15,3	6,3	10,6	13	101,3
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2022)	12,6	5,4	8,4	17	296,6
Lugo	Campus Lugo (2000-2022)	12,8	4,4	8,0	11	106,4
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2022)	15,5	9,1	12,2	10	68,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2022)	12,4	6,2	8,9	10	92,9
	Ourense (2005-2022)	14,0	5,6	9,2	10	97,8
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2022)	13,7	4,1	8,5	12	127,1
	Corón-V. de Arousa (2002-2022)	14,9	9,7	12,2	15	183,7

---

**1 V.** S. Florencia.  
*1979. O escritor Eduardo Blanco Amor morre en Vigo.*

---

**2 S.** S. Viviana.

---

**3 D.** **Primeiro Domingo do Adviento.**  
S. Francisco Xabier.

---

**4 L.** Ss. Xoán Damaceno; Bárbara.  
*1967. Fundación de Edicións Do Castro.*

---

**5 M.** S. Ada.

  
Cuarto  
Minguante

---

**6 M.** S. Nicolás.  
*1931. Fundación en Pontevedra do Partido Galeguista.*

---

**7 X.** S. Ambrosio.

---

**8 V.** Inmaculada Concepción.

---

**9 S.** S. Jéssica.  
*1617. Cangas foi saqueada polos turcos.*

---

**10 D.** Nosa Señora de Loreto. S. Eulalia.

---

**11 L.** S. Dámaso.

---

**12 M.** Nosa Señora de Guadalupe.  
*1925. O Pazo de Castrelos é doado a Vigo por Quiñones de León.*

---

**13 M.** S. Lucía.

---

**14 X.** S. Xoán da Cruz.  
*1895. Nace en Betanzos o músico José Rodríguez Arriola.*

---

**15 V.** S. Reinaldo.

---

**16 S.** S. Alicia.  
*1811. Nace en Pontevedra o escritor Xoán Manuel Pintos.*  
*1884. Nace en Vilanova de Arousa o escritor Julio Camba.*

---

**17 D.** S. Lázaro.  
*1900. Nace en Laxe o investigador e xeólogo Isidro Parga Pondal.*  
*1932. Redacción do 1º Estatuto de Galicia.*

---

**18 L.** S. Sonia.  
*1895. Nace en Lugo o escritor Luís Pimentel.*

---

**19 M.** S. Urbano.  
*1981. Constitución do Parlamento De Galicia.*

  
Cuarto  
Crecente

---

**20 M.** Ss. Abrahán; Isaac; Xacobe.  
*1907. O Himno Galego estréase no Gran Teatro da Habana.*

---

**21 X.** Ss. Pedro Canisio; Aldara.  
*1121. Entrega de Dona Urraca a Xelmírez das Torres do Oeste.*  
*1980. Referendo do Estatuto De Autonomía.*

---

**22 V.** S. Fabiola.  
*1884. Nace en Ourense o escritor Antón Losada Diéguez.*  
*1896. Primeira proba da luz eléctrica en Vigo.*  
*1911. Nace en Mondoñedo Álvaro Cunqueiro.*

---

**23 S.** S. Victoria.  
*1973. Morre en Vigo o pintor Urbano Lufrís.*

---

**24 D.** S. Adela.

---

**25 L.** **Natividade do Noso Señor.**  
Noel; Noelia.

---

**26 M.** S. Estevo.

---

**27 M.** S. Xoán.

  
Lúa Chea

---

**28 X.** S. Santos Inocentes.

---

**29 V.** Ss. Tomé Becket; David.

---

**30 S.** S. Roxelio.

---

**31 D.** S. Silvestre; Fránquila.



# Ampexio<sup>®</sup> C

O cobre penetrante de Syngenta

Funxicida con formulación granulada  
PEPITE<sup>®</sup>, a base de cobre, para o control  
do mildio da viña en postfloración



## Ampexio<sup>®</sup> C

syngenta.

© 2021 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y ® son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

®





**P** = Polinizador    **A** = Auxiliar    **E** = Endemismo  
**R** = Especie incluida en la Lista Roja de la UICN\*

## Salvia. *Salvia verbenaca* (Labiadas)



**P**  
*Bombus terrestris*



**P**  
*Ceratina chalcites*



**P**  
*Nemestrinus perezii*

\* UICN: Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza



**P**  
*Tetraloniella stringata*



**P**  
*Tituboea biguttata*



**P**  
*Zygaena lavandulae*



Esta planta de uso medicinal e flor azulada, e atractiva para os polinizadores polo seu intenso cheiro. É moi frecuentada por *Apis mellifera* e os xéneros *Bombus* e *Xylocopa*, polinizadores por excelencia de cucurbitáceas.

## Coriandro. *Coriandrum sativum* (Apiáceas)

Planta atractiva para os polinizadores das familias Apidae, Andrenidae e Halictidae, así como auxiliares depre-dadores de pragas, especialmente neu-rópteros (crisopas), dípteros (sírfidos) e parasitoides (Himenópteros), grazas á gran cantidade de pole e néctar que produce.



*Andrea sp.*



*Apis mellifera*



*Sphaerophoria scripta*



*Eucera cf. chrysopyga*



*Chrysoperla carnea*



*Empis cf. tesallata*



## Trevo. *Trifolium repens* (Leguminosas)

Trevo resistente ao pastoreo e o pisado do gando, cunha floración dilatada e variable entre os meses de maio e outubro. As súas flores ricas en pole e néctar, son moi atractivas especialmente para abellas sociais e solitarias (*Apis*, *Bombus*, *Ceratina*, *Andrena* e *Anthophora*) polinizadoras de froiteiras e hortícolas, bolboretas das familias *Lycaenidae* e *Hesperiidae*; así como para algunhas moscas florícolas das familias *Syrphidae*

e *Bombilyidae* auxiliares e polinizadores de diferentes cultivos tales como cereais, hortícolas, froiteiras...



**Bombus terrestris**



**Apis mellifera**



**Ceratina chalcites**




**Anthophora atroalba**



**Lampides boeticus**



**Andrena sp.**



ESTADOS	NO INVERNO	GROMOS	ACIOS Á VISTA	COMENZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	PECHE DO ACIO	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMIA
<b>PRAGAS E ENFERMIDADES</b>									
<b>MILDEU</b>		AMPEXIO ou QUADRIS	RIDOMIL 25 ou RIDOMIL GOLD COMBI ou QUADRIS	RIDOMIL 25 ou RIDOMIL GOLD COMBI	AMPEXIO ou QUADRIS	AMPEXIO C ou REVUS	CuprantolDuo		
<b>OÍDIO</b>	THIOVIT-JET	THIOVIT-JET	THIOVIT-JET ou TOPAS 200	TOPAS 200	DYNALI ou TOPAS 200	DYNALI ou TOPAS 200	DYNALI ou RECATIUM	RECATIUM	
<b>PODRE DA UVA</b>						SWITCH		SWITCH ou GEOXE	SWITCH
<b>VERMES DA UVA</b>				VOLIAM ou KARATE ZEON +1,5CS ou COSTAR	KARATE ZEON +1,5CS ou COSTAR		KARATE ZEON+ 1,5CS ou COSTAR		
<b>NUTRICIÓN E REGULACIÓN</b>					ISABIÓN ABOFOL	ISABIÓN ABOFOL	Stimufolk		

No caso de ataques de "Acariosis" ou "Araña Vermella", aplicar VERTIMEC.



# CATÁLOGO DE PRODUCTOS ECOLÓGICOS PARA A VIDE



## CUPRANTOL DUO. Protección combinada.

Un fungicida cúprico preventivo de amplio espectro para a protección fronte ao mildio da vide. O fino tamaño de partícula de Cuprantol Duo proporciona unha maior cobertura e unha mellor biodisponibilidade das partículas de cobre, ofrecendo unha alta protección fungicida, cunha maior superficie de acción. Unha liberación equilibrada de ións  $\text{Cu}^{2+}$  prevé dunha protección uniforme e inmediata fronte ás esporas do mildio, mellorando a resistencia ao lavado e a súa persistencia. Ademais complementa o seu espectro sobre outras enfermidades.

Enfermidade	Aplicación	Dose e momento
Mildio e Black Rot	Pulverización normal	<b>1,25 a 2,5 kg/ha:</b> Unha aplicación ao aire libre entre BBCH 13-60 (en ausencia de froitos) ou BBCH 60-83.

## TAEGR0. Naturalmente protexido.

**Taegro**<sup>®</sup> é un biofungicida preventivo de amplo espectro de orixe natural, a base de *Bacillus amyloliquefaciens* cepa FZB24 (13 % WP), que estimula os mecanismos de defensa naturais da planta. A súa aplicación ten como obxectivo o control de enfermidades producidas por fungos en distintos cultivos.

**Taegro**<sup>®</sup> ten tres modos de acción: mediante produción de metabolitos antimicrobianos, competindo polo espazo en superficies vexetais e activando a indución de defensas das plantas.

Enfermidade	Aplicación	Dose e momento
Oídio e Botrite	Pulverización normal	<b>0,185 - 0,37 kg/ha:</b> cun máximo de 10 aplicacións anuais cun intervalo de 7 días. Entre BBCH 10 (primeiras follas) ao 89 (bagos listas para colleitarse).



## THIOVIT JET

Fungicida contra oídio, araña vermella e eriófidos. Formulación de xofre exclusiva de Syngenta en forma de microgránulos dispersables de máis fácil manexo, máis segura e máis eficaz. Con acción acaricida, para o control do oídio e como frenante de ácaros e eriofidos en numerosos cultivos horticolas, ornamentais, industriais, cereais, froiteiros, oliveira e vide.

Axente	Aplicación
Oídio	Pulverización normal
Frente de ácaros e eriófidos	

### Dose e momento

**0,2-0,5 kg/hl.** Iniciar as aplicacións inmediatamente despois do desbarramento (bacelos con 3-4 follas) e continuar ata o pintado. A partir do pintado, en tratamentos dirixidos ao acio (particularmente en variedades de mesa) con ambientes extremadamente secos (humidades inferiores ao 40 %), non é aconsellable utilizar xofres mollables. Os danos por golpe de sol poderían incrementarse. Utilizar as doses inferiores en aplicacións dirixidas (pistola etc.), en zonas secas e calorosas, ou nas pouco afectadas por oídio.

## COSTAR. Blinda os teus cultivos.

Insecticida de orixe natural procedente dunha cepa especialmente seleccionada que se mostra moi eficaz no control de Lobesia botrana e outras larvas de lepidópteros. Non ten impacto sobre a fauna auxiliar e non precisa de prazos de seguridade entre a aplicación e a colleita, polo que é unha ferramenta moi apreciada polos agricultores con produción integrada que buscan a minimización dos residuos na súa colleita. Está especialmente indicado para o seu emprego en programas de loita integrada e biolóxica, constituído por esporas e cristais proteicos de *Bacillus thuringiensis* BERLINER, var. Kurstaki, que conteñen toxinas activas sobre numerosas pragas. É selectivo e actúa, por inxestión, sobre as larvas dos primeiros estadios de desenvolvemento.

Axente	Aplicación
Lobesia	Pulverización foliar de 2 a 4 aplicacións por campaña polo menos espazados 7 días

### Dose e momento

**30-100 g/hl** de auga (máximo de 1 kg/ha). Utilizar as doses inferiores nos primeiros estadios larvais e con baixas infestacións. Con eirugas maiores ou altas infestacións, utilizar a dose superior. O produto aplicarase ao se apreciaren os primeiros síntomas de ataque. A súa acción insecticida por inxestión esixe que o produto sexa distribuído correcta e uniformemente por toda a superficie foliar, utilizando alto volume de caldo por hectárea. Se hai reinfestación ou a saída de larvas é moi graduada, deberase repetir o tratamento aos 7-8 días. O produto actúa ao suspenderen as eirugas a súa alimentación, e aínda que permanecen sobre a planta uns 3-5 días tras o tratamento, non causa dano ningún.

## ISABION. O nutriente por excelencia.

Isabion® é un produto de orixe natural para a nutrición equilibrada das plantas, que pode usarse tanto en pulverización foliar como a través da auga de rega. Está composto dunha mestura de aminoácidos libres e de cadeas curtas e longas de péptidos, na proporción adecuada para a nutrición e bioestimulación das funcións básicas dos cultivos. Favorece o crecemento radicular e o desenvolvemento vigoroso dos brotes, induce unha maior floración, favorece a polinización e chamado dos froitos, ao mesmo tempo que mellora a cantidade e a calidade da colleita.

Isabion® é o resultado da transformación de coláxeno de orixe natural a través dun proceso que cumpre cos máis altos estándares de produción e calidade, co que se consegue un produto da máis alta concentración, maior capacidade de absorción polas plantas, baixo contido en cinzas e sen elementos químicos prexudiciais para o chan e os cultivos. Utilícese nas fases de maior crecemento e tamén en viveiros e plantacións novas, así como en cultivos afectados ou en defectuoso estado vexetativo por mor de pedrazo, fitotoxicidades, pragas ou enfermidades, seca etc.

Aplicación	Dose	Recomendación
Pulverización foliar	200-300 cc/100 l de auga (2-3 l/ha).	Despois de xeadas, e en cultivos afectados, subir a 400 cc/100 l de auga (4 l/ha).
Ao chan, fertirrigación	Realizar un mínimo de 4 achegas ao longo de todo o ciclo do cultivo, a razón de 3-4 l/ha cada vez, totalizando unha media de 15-20 l/ha.	Aplicar preferentemente por medio da instalación de rega localizada, disolto no dosificador de fertilizantes. Tamén pode aplicarse por inxección e, eventualmente, coa rega a ferrados, dosificándoo debidamente para obter unha repartición uniforme en toda a superficie.

Estados	NO INVERNO	GROMOS 10-30 cm	ACIOS Á VISTA	GOMENZO DA ESFARNA	REMATE DA ESFARNA	GRAN DE ERVELLA	PECHE DO ACIO	NA PINTA	3 SEMANAS ANTES DA VENDIMA	
Pragas e enfermidades										
Mildeu e Black Rot	Cuprantol Duo				Cuprantol Duo					
Oídio	Thiovit Jet® ou alternando con					Taegro®		Taegro®		
Podre do bago								Taegro®		
Vermes do bago								Costar®		
Nutrición	Isabión®				Isabión®					
	Sequestrene® 138 Fe G100									

# A combinación perfecta para o tratamento das patacas

 **Carial<sup>®</sup>Flex**

O funxicida mais versátil

 **Carial<sup>®</sup>Top**

O funxicida que vale por dous

 **Ampligo<sup>®</sup>**

Dobre eficacia en acción para o control  
de vermes e escaravello da pataca



**syngenta<sup>®</sup>**

© 2021 Syngenta. Todos os dereitos reservados.

™ y © son marcas comerciais do Grupo Syngenta.

Use os produtos fitosanitarios de maneira segura.

Lea sempre a etiqueta e a información sobre o produto antes de usalo.

©



# Tratamentos

## Das Froiteiras de Carabuña

(Pavieiras, melocotoeiros, ameixeiras e outros)

Por cada 100 litros de auga

### TRATAMENTO PREFLORACIÓN

**ZZ-CUPROCOL** (150 ml/hl)

### LEPRA-CRIBADO

**SCORE** (30 ml/hl)

### OÍDIO

**TOPAS 200** (25 ml/hl)

ou **SCORE** (20-30 ml/hl)



### MONILIA

**SCORE** (20-30 ml/hl)

### ÁCAROS

**VERTIMEC** (75 ml/hl)

### PULGÓNS

**KARATE ZEON + 1.5 CS** (65-130 ml/hl)

ou **EVURE** (10-20 ml/hl)



### OUTROS INSECTOS

(Anarria, mosca da froita, cirugas minadoras, carpocapsa, pulgóns, etc.):

**KARATE ZEON + 1.5 CS** (65-130 ml/hl)

ou **VOLIAM** (0,16-0,30 l/ha)

### FERTILIZACIÓN FOLIAR

**ABOFOL** (100 g/hl)

### BIOESTIMULACIÓN

**ISABIÓN** (300 cc/hl)

### CLOROSE FÉRRICA

**SEQUESTRENE G-100** (50-100 g/árbore)

# Tratamentos a fazer

Por cada 100 litros de auga

## TRATAMENTO PREFLORAÇÃO

ZZ-CUPROCOL (150 ml/hl)



### MOTEADO

SCORE (15 ml/hl)

### OÍDIO E FUNGOS

TOPAS 200 (25 ml/hl)



### PULGÕNS

KARATE ZEON + 1.5 CS (65-130 ml/hl)

ou EVURE (10-20 ml/hl)

### VERMES OU CARPOCAPSA

KARATE ZEON + 1.5 CS (65-130 ml/hl)

AFFIRM OPTI (2,06 kg/ha)



### PSILA OU MIELETA

VERTIMEC (80-100 ml/hl)

# nas Maceiras e Pereiras

Por cada 100 litros de auga


## OUTROS INSECTOS

(minadores, tigre da pereira,  
piollo de San Xosé, etc.):

**KARATE ZEON + 1.5 CS** (65-130 ml/hl)

ou

**VOLIAN** (16-30 ml/hl)



## FERTILIZADOR FOLIAR

**ABOFOL** (150 g/hl)

## BIOESTIMULACIÓN

**ISABIÓN** (300 cc/hl)

## CLOROSE FÉRRICA

**SEQUESTRENE G-100**

(50-100 g/árbore) conforme porte.



# Tratamentos de Invernadoiros e hortas



PROBLEMAS	TRATAMENTOS
<b>VERMES da terra</b>	<b>FORCE</b> (10-20 kg/ha)*; mesturado coa terra.
